



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

RESOLUCIÓN DO 22 DE DECEMBRO DE 2009 DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E XESTIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS POLA QUE SE APROBA O PLAN DE XESTIÓN INTEGRAL DA RESERVA MARIÑA DE INTERESE PESQUEIRO “OS MIÑARZOS”

Antecedentes

O 2 de decembro de 2009, a coordinación da reserva de “Os Miñarzos” remite a esta Dirección Xeral a proposta do Plan de Xestión Integral, as alegacións recibidas tras consulta coas entidades asociativas que representan aos pescadores e mariscadores incluídos no censo da reserva ademais dun resumo do informe anual do equipo de seguimento científico.

Na mesma data, o 2 de decembro, a Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños convoca ao órgano de xestión, seguimento e control da REMIP “Os Miñarzos”, achegando aos seus vogais toda a documentación necesaria para a valoración da proposta do Plan de Xestión Integral, cuxo debate e valoración era o tema do punto 3º da orde do día.

O día 9 de decembro de 2009 reuniuse o órgano de xestión, seguimento e control da reserva mariña de interese pesqueiro *Os Miñarzos* para, entre outros temas, valorar e informar a proposta do Plan de Xestión Integral. Tras a lectura, debate e introdución de modificacións puntuais no documento, acordouse informar favorablemente o texto final para a aprobación pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

O día 10 de decembro de 2009, tendo en conta os acordos adoptados polo órgano de xestión, seguimento e control, a Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños solicita á coordinación da REMIP “Os Miñarzos” información relativa ao Plan de Xestión Integral ao efecto de habilitar as diferentes artes autorizadas na reserva na aplicación informática da alternancia.

Dita información foi remitida pola coordinación da REMIP “Os Miñarzos” o 17 de decembro de 2009.

Así mesmo, o departamento territorial da Coruña achegou o día 18 de decembro os correspondentes informes favorables das relacións de embarcacións e mergulladores que participarán no Plan de Xestión da reserva nas modalidades de mergullo en apnea e mergullo con subministro de aire dende superficie.

Fundamentos técnicos e xurídicos

Con data 17 de novembro preséntase o Informe Anual do Seguimento científico da reserva de “Os Miñarzos”.

Na reunión do órgano de xestión, seguimento e control, mantida o día 9 de decembro de 2009, o equipo de seguimento científico da reserva emitiu a súa valoración sobre as medidas técnicas a establecer no ámbito da reserva e das posibilidades de pesca dentro dos límites desta.

O artigo 6º bis do *Decreto 87/2007, do 12 de abril*, modificado polo *Decreto 240/2008, do 2 de outubro*, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos, recolle que:

“1. As actividades recollidas nas letras a), b), c) e d) do artigo 5º do Decreto 87/2007, desenvolveranse no marco do Plan de Xestión Integral aprobado para esa área, no que se recollerán as medidas específicas para cada unha das pesqueiras e zonas dentro da reserva.

2. O Plan de Xestión Integral será aprobado pola Dirección Xeral de Recursos Mariños, logo de informe do órgano de xestión. A proposta do Plan será elaborada polas entidades asociativas que representen aos pescadores e mariscadores incluídos no censo da reserva.

4. No Plan de Xestión Integral poderán recollese medidas e/ou normas distintas ás establecidas nas disposicións regulamentarias, co obxectivo de adoptar as medidas de explotación necesarias que permitan conseguir unha explotación racional dos recursos pesqueiros e marisqueiros na reserva.”

O artigo 9º do *Decreto 87/2007, do 12 de abril*, modificado polo *Decreto 240/2008, do 2 de outubro*, refire as funcións do órgano de xestión, seguimento e control, entre as cales consta:

“i) Emitir informe sobre o Plan de Xestión Integral”.

O *Decreto 87/2007, do 12 de abril*, modificado polo *Decreto 240/2008, do 2 de outubro*, a través da súa disposición adicional terceira, habilita á consellería competente en materia de pesca para ditar medidas de xestión para a extracción de determinadas especies, así como aprobar plans experimentais para a utilización de determinadas artes ou aparellos de pesca en función dos informes técnicos sobre a evolución e o estado da reserva mariña.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia


Según o artigo 6º do *Decreto 312/2009, do 28 de maio*, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar, correspóndelle á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños *“as competencias sobre ordenación pesqueira, tanto de carácter profesional como recreativo; ordenación do marisqueo e da acuicultura; establecemento das condicións para o exercicio das actividades pesqueiras, marisqueiras e de acuicultura mariña; conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños”*.

Así pois, á vista dos feitos, fundamentos xurídicos e técnicos esta Dirección Xeral resolve,

- 1º. Aprobar o Plan de Xestión Integral para a reserva mariña de interese pesqueiro de “Os Miñarzos”, que figura coma anexo a esta resolución, e que entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2010.***

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar de conformidade co disposto no artigos 114º e 115º da *Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2009
O director xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños


Pablo R. Fernández Asensio
Pablo R. Fernández Asensio

* Este Plan de Xestión Integral estará disponible nas paxinas web: webpesca.xunta.es e pescadegalicia.com.

